

TRABALLOS SOBRE A HISTORIA DA VIDA NA TERRA

Para cada período hai que facer unha presentación de diapositivas con voz gravada ou, se o preferides, un vídeo. A duración de cada traballo pode estar entre un e tres minutos, como regra xeral.

Por suposto, podedes empregar o material que está no voso libro de texto. Aínda que non libro a información non está separada por períodos como imos facer nos no traballo, recomendo que leades o tema, pois nos da información moi interesante que nos facilitará a busca na rede.

Repartín os períodos por parellas. Dentro de cada parella, repartide o traballo como queirades, pero todo o que presentedes irá asinado polos dous compoñentes da parella e a cualificación será compartida. No caso de que queirades cambiar de parella podédelo facer. Para iso, tedes que facer unha proposta de nova parella e sen que ninguén quede illado. Neste caso, soamente se aceptarán os cambios que eu autorice.

Tamén podedes, se así o desexades, formar grupos de máis persoas. Neste caso, faredes tantos períodos como persoas formen o grupo.

EÓN PRECÁMBRICO

HADEICO (María)

- Duración do período
- Formación do planeta.
- Descrición da Terra no Hadeico.
- Cambios experimentados polo planeta: Como era a Terra ao principio e ao final do período.

ARCAICO (Óscar)

- Descrición xeral da Terra no Arcaico
- Cambios xeolóxicos experimentados polo planeta: Como era a Terra ao principio e ao final do período.
- A orixe da vida; cando se cre que apareceron os primeiros seres vivos e como se cre que podían ser.
- Cambios introducidos na atmosfera polos seres vivos.

PROTEROZOICO (Yaiza)

- Descrición xeral da Terra no Arcaico

- Cambios xeolóxicos experimentados polo planeta: Como era a Terra ao principio e ao final do período.
- Cambios nos seres vivos durante o período.
- Aparición dos organismos pluricelulares: facede unha mención especial á chamada Fauna de Ediacara. Onde está Ediacara? como eran os fósiles? Como se cre que eran eses seres vivos? Hai xacementos semellantes noutras partes do mundo?

EÓN FANEROZOICO

ERA PALEOZOICA (PRIMARIA)

Todos os períodos deste tempo deben incluír , ademais das características particulares que poida ter cada un, os seguintes apartados:

- Unha imaxe do aspecto que tiña o planeta durante ese período.
- Cambios xeolóxicos experimentados.
- Descrición xeral do clima e, de habelos, os cambios climáticos experimentados.
- Imaxes con representantes da fauna máis característica.
- Imaxes con representantes da flora máis característica (Pensade que os vexetais propiamente ditos non aparecen ata o Ordovícico e van colonizando os continentes moi pouco a pouco.
- Imaxes dalgúns fósiles guía dese período

CÁMBRICO (Ainhoa)

O feito máis importante que tedes que tratar aquí é a chamada "**Explosión Cámbrica**" ou , o que é o mesmo, a aparición nun período de tempo moi curto dunha grande variedade de formas de vida que non existían ata ese momento. Podedes facer unha mención especial á chamada Fauna de Burgess Shale

ORDOVÍCICO (Nayara)

Os seres vivos invaden os continentes.

SILÚRICO (Coral)

DEVÓNICO (Mónica)

Os vertebrados colonizan os continentes.

CARBONÍFERO (Elisabeth)

Formación dos depósitos mundiais de hulla e antracita: explicar que condicións e que cambios explican a formación de carbón durante este período.

PÉRMICO (Paula)

Tatar especialmente a gran extinción en masa producida ao final de este período, coñecida como a Gran extinción do Pérmico.

Durante este período fórmase tamén o supercontinente Panxea.

ERA MESOZOICA (SECUNDARIA)

O Mesozoico é a era dos grandes reptís, os dinosauros pero, aínda que debemos facer especial mención a estes animais, non debemos esquecer que existía tamén unha gran diversidade de flora e fauna, polo que non vos debedes restrinxir so aos dinosauros.

TRIÁSICO ([Aarón](#))

Aparecen os dinosauros, pero tamén os primeiros mamíferos. Como eran?

XURÁSICO ([Xoel](#))

Panxea comeza a dividirse e se orixinan as grandes cordilleiras actuais.

CRETÁCICO ([Matías](#))

Por suposto, aquí haberá que tratar sobre a extinción dos dinosauros (proceso no que se extinguiron ademais unha gran porcentaxe das especies existentes)

ERA CENOZOICA (TERCIARIA)

PALEÓXENO ([Alejandra](#))

NEÓXENO ([Jessica](#))

CUATERNARIO ([Ángela](#))

Por suposto, neste período hai que ilustrar a aparición dos humanos. Pero sen extenderse demasiado, pois faremos nas vindeiras semanas uns monográficos dedicados ás diferentes especies de homínidos.

ORIXE DA VIDA ([Nicolás](#))

Trátase de facer, en primeiro lugar, unha revisión das diferentes hipóteses sobre a orixe da vida, desde un punto de vista histórica: (Creacionismo, xeración espontánea, hipóteses de Oparin e Haldane, orixe extraterrestre)

Finalmente, presentaranse a visión máis actualizada posible sobre o tema.